

**EXPTE: 2062/2023**

**SELECCIÓN FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL APROL 2023. TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL PERSOAL LABORAL TEMPORAL) – APROL 2022 DURANTE 9 MESES**

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

A Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade mediante Resolución de data de 04/05/2022, concedeulle unha subvención ó Concello de Boiro por importe de 28.750 euros para a realización do servizo “PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NAS FAIXAS SECUNDARIAS DOS NÚCLEOS RURAIS DO CONCELLO DE BOIRO 2023 ”.

Para a realización deste servizo resulta necesario a contratación dun/a técnico/a superior en xestión forestal e dun peón a xornada completa durante 9 meses (persoal laboral temporal) a xornada completa.

Consta informe de fiscalización da intervención municipal de data 02/05/2023.

Na Orde de convocatoria desta subvención consta que a entidade local beneficiaria deberá solicitar ás persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación dunha oferta de emprego específica nunha oficina de emprego da Xunta de Galicia.

Segundo consta na Resolución da concesión da subvención, a data límite para formaliza-las contratacións é o día 15/06/2022 ampliada a 02/06/2023 por acordo da Xefatura Territorial da Coruña de data de 27/04/2023.

Considerando que a competencia para a aprobación das bases corresponde á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía efectuada mediante Resolución núm. 607/2019 de 09/07/2019 (BOP núm. 137 do 22/07/2019) e considerando o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á avogación de competencias delegadas,

## **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Avogar, en relación ao presente expediente 2062/2023, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución da Alcaldía núm. 607/2019 de 09/07/2019 (BOP núm. 137 do 22/07/2019) de conformidade co disposto no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, debido á urxencia que concorre na tramitación do expediente.

**SEGUNDO.-** Aproba-las bases reguladoras do proceso selectivo destinado á provisión con carácter laboral temporal de 1 técnico/a superior en xestión forestal, segundo o texto que se inclúe ó final deste acordo.

**TERCEIRO.-** Que se tramite o expediente de selección de conformidade co previsto nas bases aprobadas e que se anexan a continuación.

**CUARTO.-** Que se dea conta ao Pleno na vindeira sesión.

*Documento asinado dixitalmente  
O alcalde.  
O Secretario xeral, que da fe.*

**ANEXO**



## **“BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL, PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

### **1º .-OBXECTO:**

A regulación do procedemento para a cobertura con carácter laboral temporal dun posto de técnico/a superior en xestión forestal a xornada completa durante 9 meses, para a realización do servizo: “PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NAS FAIXAS SECUNDARIAS DOS NÚCLEOS RURAIS DO CONCELLO DE BOIRO 2023” ó abeiro da Orde do 09/01/2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural).

As funcións que realizará a persoa traballadora seleccionada serán as seguintes:

- Inspección das parcelas incluídas nas franxas de prevención dos núcleos de poboación.
- Identificación de propietarios que incumpren cos criterios de xestión de biomasa.
- Elaborar propostas sobre planificación e desenvolvemento de actividades do servizo e previsión de necesidades.
- Deseño e impulso do programa ou outras actuacións dinamizadoras e a súa difusión.
- Elaboración de informes específicos, estatísticas, etc., relacionados co seu servizo.
- Traballo de campo, xestión administrativa e elaboración de memorias.
- Atender e informar ó público nas materias da súa competencia.
- Utilización das aplicacións informáticas correspondentes á súa unidade.
- Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e postos de traballo.
- Mante-lo reciclaxe continuo nos coñecementos e procedementos necesarios para realiza-las funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña.
- Calesquera outras funcións e tarefas de análoga natureza que lle sexan encomendadas polo seu superior xerárquico, dentro do ámbito das súas competencias.

**2º.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN:** O contrato de traballo formalizarase baixo a modalidade contractual laboral temporal “para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral” ó abeiro do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

En canto a regulación das condicións do contrato laboral temporal estarase ó disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro e resto de disposicións normativas aplicables a esta materia.

**3º.- SISTEMA DE ACCESO:** Oposición libre.

O grupo ao que pertencerá o seleccionado será o subgrupo C1.

### **4º.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS:**

Para poder tomar parte na oposición será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- A) Pertencer a calquera dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega.
- B) Os estranxeiros que non pertencan a algún dos Estados asinantes do Tratado da Unión



Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ó que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.

C) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade.

D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.

A condición de discapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, caso de ser seleccionado.

E) Non estar afectado por motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de Incompatibilidades referidos ó persoal das Administracións Públicas.

F) Acreditar estar en posesión da titulación de Técnico Superior en Xestión Forestal ou equivalente.

G) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia (SEPE) como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego, tanto no momento da selección coma no da formación do contrato de traballo coas cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

H) Non ter sido contratada por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022, pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

O concello de Boiro solicitará as persoas traballadoras mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, en modelo normalizado. Unha vez recibida a listaxe de persoas candidatas, o departamento de persoal citará a todas as persoas para realización dunha reunión na que se explicarán as condicións do posto ofertado e o detalle deste proceso selectivo

As persoas aspirantes que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán presentar instancia dirixida ó señor Alcalde-Presidente, en modelo que se engade como ANEXO I, na sede electrónica do Concello de Boiro <https://boiro.sedelectronica.gal> ou no Rexistro Xeral do Concello de Boiro en horario de atención ó público durante o prazo de CINCO DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte á reunión mantida cos candidatos enviados polo SPE para explicarlles o obxecto da convocatoria. No caso de ser presentadas por correo ou noutros rexistros, e a efectos de poder realiza-lo seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada por correo electrónico dirixido a [persoal@boiro.org](mailto:persoal@boiro.org)

#### DOCUMENTACIÓN A APORTAR COA INSTANCIA:

- DNI.
- Titulación.
- Certificado que acredite, como mínimo, o nivel de CELGA 4 do idioma galego.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### 5º.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde Presidente da Corporación ditará resolución declarando aprobada a lista de persoas aspirantes admitidas e excluídas, publicándose na páxina web do concello de Boiro [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal). Na devandita resolución indicárase, no seu caso, o prazo para presentación de emendas.



## 6º.- OPOSICIÓN

A oposición constará de tres exercicios de carácter obrigatorio:

**Primeiro exercicio:** Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 40 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal sobre o temario que se detalla neste apartado. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para supera-la proba, correspondendo ó tribunal determinar cal é o número de preguntas acertadas para acadar esta puntuación mínima, que non ten por qué corresponderse necesariamente co 50% das preguntas acertadas e para o que se terá en conta que as respostas incorrectas non restarán puntuación.

Unha vez realizado este primeiro exercicio, pasarase a realiza-lo segundo exercicio na mesma xornada.

**Segundo exercicio:** Un ou varios supostos prácticos, relacionados co temario que se detalla neste apartado. O exercicio realizarase de forma previa ó comezo da proba e inmediatamente antes da súa realización. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

Posteriormente cada candidato/a lerá e exporá o seu exercicio ante os membros do tribunal, podendo estes formularlle preguntas relativas ó mesmo.

O exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos. Serán eliminados os/as aspirantes que non superen o 5.

**Sistema de avaliación:** Unha vez realizados ambos exercicios, o Tribunal Cualificador avaliará o primeiro exercicio (tipo test). Acto seguido procederase á avaliación do segundo exercicio unicamente ós aspirantes que tiveran superado o primeiro exercicio.

**3º exercicio:** A proba de coñecemento da lingua galega está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou no apto.

Sen embargo, as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida de acordo co previsto na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, mediante a presentación do certificado que acredite ter, como mínimo o CELGA 4, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

### TEMARIO:

- 1.- Coñecemento do entorno físico e xeográfico do Concello de Boiro.
- 2.- Cartografía.
- 3.- Lei de montes de Galicia.
- 4.- Tratamento silvícola: rozas, rareos e clases.
- 5.- Enfermidades e pragas das principais especies arbóreas.
- 6.- Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais
- 7.- Análise e comportamento do incendio forestal.
- 8.- Prevención de incendios forestais.



- 9.- Ecoloxía e características forestais das quercíneas e das frondosas non quercíneas en Galicia.
- 10.- Ecoloxía e características forestais das coníferas en Galicia.
- 11.- Decreto 67/2007 do 22 de marzo polo que se regula o catálogo galego de árbores senlleiras.
- 12.- Estrutura dos plans de prevención de incendios forestais no ámbito municipal.

#### **7º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:**

Estará formado por un/ha Presidente/a e un/ha secretario/a e por tres vogais designados pola Alcaldía na mesma Resolución pola que se aproba a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos. Todos os vogais deberán posuír nivel de titulación igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

Este tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer-la incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

#### **8º.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS:**

A resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de candidatos admitidos e a composición do tribunal, que se publicará na páxina web do Concello de Boiro [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal), fixará tamén a data, hora e lugar na que deberá constituírse o tribunal, así como data, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI, documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal.

Por non ser obrigatoria a súa publicación, os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, si eso procedese, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, publicaranse na páxina web do concello de Boiro [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal), ó menos con 48 horas de antelación.

#### **9º.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de contratación da persoa aspirante que conte coa maior puntuación total final (suma de puntuación obtida nas probas da oposición).

Asemade se proporá unha listaxe de suplentes, por orde decrecente da puntuación final, para o caso de baixas ou renuncias.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

- Mellor puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición.

De persisti-lo empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

#### **10º.- NORMAS FINAIS:**



Primeira: O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Segunda: Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente de aplicación.

Terceira: Tódolos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso faranse públicos, exclusivamente, na páxina web do Concello de Boiro [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal)

Cuarta: Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Quinta: Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo correspondente, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto."

## ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INSCRIPCIÓN PROCESO SELECTIVO TÉCNICO/A FORESTAL APROL 2023	2062/2023-1	SOLICITUDE
<b>SOLICITANTE</b>		
DNI	NOME E APELIDOS	
DATA NACEMENTO	LOCALIDADE NACEMENTO	PROVINCIA

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
TELÉFONO	RÚA/ Nº



MUNICIPIO	PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA QUE:

Compre os requisitos sinalados na base 4ª das que rexen este proceso para a selección dun/ha técnico/a forestal (persoal laboral temporal).

SOLICITA

Participar nas probas selectivas ás que se refire a presente solicitude e, asemade, se achega a seguinte documentación:

- DNI.
- Titulación académica.
- Certificado que acredite, como mínimo, CELGA 4 ou equivalente.

Boiro, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Asdo.- “

